

EXEMPLO DE TEXTO ARGUMENTATIVO

O drama da anorexia

Tese

A anorexia e a bulimia son dous problemas que lles afectan a miles e miles de persoas en todo o mundo industrializado e que merecen a atención responsable das institucións.

Corpo

Na maioría dos casos, trátase de mozas novas, pero hai tamén mulleres adultas e rapaces que enferman por problemas de desorde alimentaria.

Na opinión de moita xente, a culpa é dos medios de comunicación, que cada día transmiten mensaxes de perfección física utilizando para isto actrices e modelos que exhiben as súas propias figuras delgadísimas. Mais, a miúdo, non se trata simplemente dunha cuestión estética, senón dunha dramática petición de axuda por parte de persoas novas que non logran comunicar o seu malestar doutra maneira.

Desgraciadamente, cando nos damos conta de que unha persoa próxima a nós está vivindo este drama, xa é demasiado tarde.

Conclusión

Precisamente polo anterior, fai falta que as institucións se dean conta de que a anorexia é unha enfermidade mortal e que, por conseguinte, é necesario actuar de maneira que quen necesite axuda poida contar co apoio de estruturas ben equipadas, por un lado. Por outro, urxe que se leven a cabo, paralelamente, políticas e proxectos eficaces para a prevención deste tipo de enfermidades.

1. **Finalidade:** concienciar a opinión pública e as institucións sobre a necesidade de actuar contra a anorexia e a bulimia.

2. **Tipo de texto argumentativo:** artigo de opinión.

3. Repara nos **conectores** subliñados.